

Regina do Batán

REGINA FILGUEIRA MONTEAGUDO, 1908-2005

De Regina fican hoxe unha memoria intensa e as súas tres pandeiretas, todas elas repartidas principalmente entre Moraña e Xeve. Debemos entender unha e outra, memoria e música, como intimamente ligadas se queremos comprender o seu percorrido vital, comezando polas noticias máis antigas que temos sobre a súa vida, as do seu casamento con 18 anos. Pouco despois, ao ano de nacer o seu primeiro fillo, o marido emigra para a Arxentina, onde refai a súa vida sen ela e non regresa. Regina ten anos despois outro fillo cun home casado, o cal non a axuda. Aínda que naquela época era moi pouco frecuente que unha muller traballara fóra da casa, ela tiña que coidar e alimentar os fillos. Por iso decide dedicarse ao contrabando de produtos como a fariña ou o millo, os cales compraba quilo a quilo polas casas e revendía despois todo xunto ás muiñeiras, onde había cinco ou seis muíños. Podía pasar tres ou catro días fóra percorrendo coa súa burra diferentes aldeas e vilas (Tenorio, Cotobade, Moraña, etc.), comprando os produtos e revendéndooos. Foi ao ir e vir polos camiños que aprendeu ela soa a tocar a pandeireta enriba da burra para se entreter e espantar os medos.

Un dos problemas cos que se enfrontaba era o dos gardas civís, que non toleraban o contrabando e que utilizaban un pau ou un pico e furaban as alforxas para saber se levaba só gran. Se o pico entraba e saía fácil, levaba millo ou fariña, pero se tropezaba é que levaba calquera cousa que podía ser ilegal. Para evitalos quen se dedicaba ao contrabando andaba de noite polo monte e polo día utilizaba camiños secundarios. A pesar dos perigos, Regina sempre ía soa coa súa burra e coa pandeireta.



Cando o seu primoxénito tiña 18 anos, Regina coñeceu nunha desas viaxes, en Moraña, un home máis novo ca ela que se convertería no seu compañeiro durante corenta anos. Marchou vivir con el aínda que nunca chegaron casar. El era barbeiro e perdera unha perna na Guerra Civil, a cal non lle curaran ben. Regina axudouno e salvoulle a vida xa que sabía facer remedios con receitas e herbas como o romeu. Curáballe a perna e tamén lle curou unha pulmonía. Ela nunca foi ao médico até os 81 anos cando tiveron que operala. Ese encontro valeulle para mudar non só de vila, senón tamén para escoller outro oficio: o de cocifeira a domicilio para todo tipo de celebracións (vodas, comuñóns, etc.). En paralelo, tamén traballaba a terra e trouleaba cando podía e había unha festa nas proximidades. Aínda que non lle se coñece escola, tivo tempo a aprender a ler, xa que lía o xornal sen problemas aínda que nunca a viron escribir.

Mantívose activa até idade ben avanzada: aos 90 anos ía aínda na moto co fillo a festas como a de San Breixo, levando a pandeireta no bolso. Nunha ocasión a banda de música tivo que parar porque ela se puxo a cantar e a tocar a pandeireta. E en Moraña mesmo lle fixeron unha homenaxe na festa do porquiño á brasa e regaláronlle unha pandeireta. O acto apareceu recollido no Diario de Pontevedra e en La Voz de Galicia. A pandeireta era un elemento tan inseparábel dela que estando hospitalizada con máis de 80 anos tocábaa e cantaba atraendo a atención de medio hospital. Como boa festeira, durante as comidas na casa cantaruxaba e facía música coas mans, ás veces facendo rimas para meterse coa xente, ás veces pedindo viño, mantendo a capacidade de prolongar encontros familiares durante horas grazas ao seu enxeño. Cantaba na praia, no centro médico, en calquera lugar.

Todas as mañás tomaba unha copa de augardente de herbas, o cal talvez explique que chegara aos 97 anos. Sobreviviou aos seus dous fillos, mais perdeu a alegría de vivir e faleceu apenas tres meses despois de que lle morrera o segundo deles.

As palabras que cualifican a Regina parecen describir tamén a súa propia vida: dura, ruda, inxusta, de moitos traballos, mais tamén alegre, vivaz, enxeñosa e con iniciativa. Foi unha persoa que sobreviviu nunha época e nunha situación moi difíciles: muller, pobre, abandonada polo marido, con dous fillos e sen axuda. Polo camiño encontrou, iso si, dúas ferramentas que a acompañarían toda a vida: a música e a retranca.

Este artigo non sería posíbel sen o tempo e a memoria que nos regalou Pilar, neta de Regina e coa que conviviu nos últimos anos da súa vida.